

Dous. O segundo parágrafo do artigo 15 quedará redactado do seguinte xeito:

«En todo caso inscribíranse os feitos ocorridos fóra de España, cando as correspondentes inscricións deban servir de base a inscricións exixidas polo dereito español».

Tres. O segundo parágrafo do artigo 54 queda redactado como segue:

«Quedan prohibidos os nomes que obxectivamente prexudiquen a persoa, os que fagan confusa a identificación e os que induzan a erro canto ao sexo».

Catro. O artigo 93.2.º queda redactado como segue:

«2.º A indicación equivocada do sexo cando igualmente non haxa dúbida sobre a identidade do nado polas demais circunstancias, así como a mención rexistral relativa ao sexo das persoas nos casos de disforia de xénero».

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento regulamentario.*

O Goberno, por proposta do ministro de Xustiza, ditará as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución desta lei.

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 84/1978, do 28 de decembro, pola que se regula a taxa por expedición do documento nacional de identidade.*

O número 2 do artigo 4 da Lei 84/1978, do 28 de decembro, queda redactado como segue:

«Quen deba de renovar preceptivamente o seu documento durante o seu prazo de vixencia, por cambio de domicilio ou de datos filiatorios, ou por calquera circunstancia non imputable ao interesado».

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 15 de marzo de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

## MINISTERIO DE XUSTIZA

**5587** *REAL DECRETO 171/2007, do 9 de febreiro, polo que se regula a publicidade dos protocolos familiares.* («BOE» 65, do 16-3-2007.)

Unha gran parte do tecido empresarial español está integrado por sociedades de carácter familiar en sentido amplo, é dicir, aquelas en que a propiedade ou o poder de decisión pertencen, total ou parcialmente, a un grupo de persoas que son parentes consanguíneos ou afíns entre si. Esta realidade económica, xurídica e social obriga a tomar en consideración as súas peculiaridades e a lícita autorregulación dos seus propios intereses especialmente en relación coa sucesión da empresa familiar,

removendo obstáculos e dotando de instrumentos o operador xurídico.

A cultura do protocolo familiar, *shareholders agreement*, atópase sancionada nas prácticas económicas e de bo goberno das sociedades familiares dos países da nosa contorna, especialmente anglosaxóns, canto é considerada unha garantía adicional para terceiros, investidores e acredores, ademais de para os propios socios, ao dotar de previsibilidade o relevo xeracional na sociedade.

Consciente diso, a disposición derradeira segunda, punto 3 da Lei 7/2003, do 1 de abril, da sociedade limitada nova empresa dispón que «regulamentariamente se establecerán as condicións, forma e requisitos para a publicidade dos protocolos familiares, así como, de ser o caso, o acceso ao Rexistro Mercantil das escrituras públicas que conteñan cláusulas susceptibles de inscrición».

Para o desenvolvemento desta norma considerouse necesario artellar unha pluralidade de vías que permitan o acceso á publicidade rexistral con diversa eficacia segundo a elixida e sempre de carácter voluntario para as sociedades.

Non é un real decreto a canle oportuna para a alteración dos tipos societarios ou para establecer as súas especialidades e por iso non se regulan aspectos estruturais ou organizativos da sociedade familiar nin se establecen os seus eventuais caracteres.

No que interesa, para os efectos deste real decreto, será familiar unha sociedade de persoas ou capital en que exista un protocolo que pretende a súa publicidade.

Pódese entender como tal aquel conxunto de pactos subscritos polos socios entre si ou con terceiros cos cales gardan vínculos familiares respecto dunha sociedade non cotizada en que teñan un interese común de cara a acadar un modelo de comunicación e consenso na toma de decisións para regular as relacións entre familia, propiedade e empresa que afectan a entidade.

Os aspectos subxectivo, obxectivo e formal do protocolo non son obxecto de regulación, como tampouco o é o seu contido, que será configurado pola autonomía negocial, como pacto parasocial, en hipótese máis frecuente sen máis límites ca os establecidos, con carácter xeral, no ordenamento civil e específico, no societario.

Ademais do seu carácter estritamente voluntario, óptase por articular a publicidade dun único protocolo por sociedade. Considérase que esta é a fórmula que mellor garante a seguranza xurídica que debe presidir a publicidade que ofrece o Rexistro Mercantil, de cara á certeza dos operadores e cidadáns sobre o marco regulatorio da entidade.

O acceso ao Rexistro Mercantil do protocolo prodúcese por instancia do órgano de administración das sociedades e baixo a súa responsabilidade, e queda para a esfera intrasocietaria a relación deste coa propiedade e, en xeral, cos asinantes do protocolo e sen prexuízo do recurso destes á autoridade xudicial no suposto de que non se atope autorizada a súa publicidade e se discuta o interese da publicación.

Se o protocolo incluír datos relativos á intimidade dos seus outorgantes e se se pretender unha publicidade destes (por exemplo, pactos sobre o réxime persoal da familia, prohibicións ou obrigas persoais –v.g. casar en réxime de separación de bens ou que o consorte poida ou non ser socio, ou ben que os fillos deban estudar en tal ou cal universidade–), suposto no cal o acceso á publicidade da cláusula concreta debe claramente contar co consentimento expreso e cualificado a que se refire a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, co alcance e efectos que esta lei lle atribúe a este consentimento.

Como ocorre na actualidade noutros supostos (modificacións de capital, apoderamentos ou nomeamentos orgánicos), a simple manifestación do administrador da

identificación de terceiros non estaría incluída no suposto anterior.

O real decreto non é de aplicación ás sociedades anónimas cotizadas. Estas encontrarían o seu marco normativo na Lei 26/2003, do 17 de xullo, pola cal se modifican a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e o texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, co fin de reforzar a transparencia das sociedades anónimas cotizadas.

Para as demais sociedades, de persoas ou capital, prevense tres formas de acceso ao Rexistro Mercantil alternativas ou acumulativas, co fin de dotar da maior flexibilidade a publicidade en atención aos intereses de cada sociedade afectada.

De menos a máis, en razón da súa eficacia, prevese, en primeiro lugar, a simple constancia da existencia dun protocolo, con referencia aos seus datos identificativos e non ao seu contido, no asento de inscrición.

En segundo termo, o depósito do protocolo ou parte del, con ocasión da presentación das contas anuais, que exixirá a súa constancia en documento público e que en ningún caso poderá afectar a organización da sociedade segundo conste inscrita no Rexistro Mercantil. O documento depositado deberá ser relevante só para os efectos do bo goberno da sociedade familiar.

Finalmente, mediante inscrición, poderá constar no Rexistro Mercantil a escritura pública de elevación a públicos dos acordos sociais que conteña, en execución do protocolo e coa súa mención expresa, cláusulas inscrites. É dicir, modifícase a denominación da escritura pública que incorpora os acordos sociais susceptibles de inscrición –agora, se así se prefire, será cualificada como de elevación a público de acordos sociais en execución de protocolo– co fin de visualizar o protocolo a que puidese responder o acordo social e permitir con iso unha máis axeitada interpretación dos acordos adoptados.

O acceso ao rexistro dos acordos que contén o documento público sempre será obrigatorio, pero non así a manifestación de que se adoptan en execución dun protocolo familiar. Non se modifica con isto o título inscrite de determinados acordos sociais nin por suposto o réxime de adopción dos acordos sociais especialmente de cara ao réxime de maiorías legais ou estatutarias de adopción destes.

Este último caso será o único que supoña un efecto de publicidade material e non simple publicidade noticia.

Xunto coa publicidade dos protocolos, prevese unha actualización regulamentaria das normas relativas a cláusulas ou regras organizativas en relación a órganos sociais, cláusulas restritivas da transmisión de participacións sociais e en xeral dótase de instrumentos que faciliten a autonomía negocial neste ámbito.

Estas normas actualizadas non só serán ferramentas útiles para as sociedades de carácter familiar senón tamén para outras sociedades pechadas. É o caso da regulación dos comités consultivos, que en nada inciden no binomio monista-dual, que se introduciu, limitadamente, en España mediante a Lei 19/2005, do 14 de novembro, sobre a sociedade anónima europea domiciliada en España.

Entre as normas que se inclúen nesta epígrafe destaca o novo artigo 188.5 do Regulamento do Rexistro Mercantil.

O real decreto persegue con este novo precepto regular, nos simples límites adxectivos, e en sintonía coas restantes epígrafes do artigo 188 –en que se establecen normas de peche ou atípicas en relación ao contido estatutario da sociedade–, regras de representación ou habilitación que a práctica societaria demostrou que constitúen auténticas lagoas no artellamento da sociedade conxugal e na sucesión da titularidade da empresa familiar, obxectivo esencial da publicidade do protocolo.

Realmente, a inclusión destas normas constitúe exclusivamente unha chamada de atención sobre a lícita posibilidade, no actual estado do noso ordenamento xurídico, de darlles solución a dous supostos de feito.

O primeiro, o da sociedade conxugal –non necesariamente de gananciais–, disolta e non liquidada, xa sexa ou non por falecemento do titular e na cal o socio pode, de ser o caso, ser supérstite. Neste suposto preténdese prever, en estatutos, as relacións do socio coa sociedade ao non se poder considerar automática a designación de representante por non constituír unha comunidade en sentido estrito.

O segundo, a lícita posibilidade de designar un representante sucesorio polo causante titular das participacións, para facilitar o exercicio de socio constante da comunidade hereditaria.

Ambas as normas teñen fundamento legal nos artigos 32, 35 e 36 da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, e título competencial constitucional ao abeiro do artigo 149.6, que establece a competencia estatal na regulación do dereito mercantil, sen prexuízo do recurso á lexislación civil aplicable cando se incida no contido dunha institución desta natureza.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de febreiro de 2007,

## DISPÕO:

### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto a regulación da publicidade dos protocolos familiares das sociedades mercantís non admitidas a cotización e especialmente o seu acceso ao Rexistro Mercantil.

### Artigo 2. *Definición de protocolo familiar e a súa publicidade.*

1. Para os efectos deste real decreto enténdese por protocolo familiar aquel conxunto de pactos subscritos polos socios entre si ou con terceiros cos cales gardan vínculos familiares que afectan unha sociedade non cotizada, na cal teñan un interese común para acadar un modelo de comunicación e consenso na toma de decisións para regular as relacións entre familia, propiedade e empresa que afectan a entidade.

2. A sociedade só poderá publicar un único protocolo, subscrito polos seus socios, ben que este pode ser obxecto de diversas formas de publicidade. No suposto de que o protocolo familiar afecte varias sociedades, cada unha delas poderao publicar na parte que lle concirna. Publicada a existencia dun protocolo, non se poderá reflectir no Rexistro Mercantil a constancia doutro diferente de non se expresar na solicitude que o que pretende o seu acceso ao rexistro é unha modificación ou substitución do publicado.

3. A publicidade do protocolo ten sempre carácter voluntario para a sociedade.

### Artigo 3. *Requisitos da publicidade dos protocolos familiares.*

1. O órgano de administración será o responsable da publicación ou non deste en atención ao interese social.

2. A publicación do protocolo, na web da sociedade ou no Rexistro Mercantil, axustarase, en todo caso, á normativa que sobre protección de datos persoais establece a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e lexislación complementaria.

Para tal efecto, o órgano de administración deberá contar co consentimento expreso dos afectados cuxos datos sexan incluídos no protocolo.

3. Publicada en calquera forma prevista neste artigo a existencia dun protocolo familiar, este deberá ser actualizado. Na falta desta actualización presúmese a vixencia do protocolo familiar.

**Artigo 4. *Publicidade dos protocolos familiares no sitio web da sociedade.***

O órgano de administración das sociedades mercantís de persoas ou de capital non cotizadas poderá acordar a publicación do protocolo familiar no sitio web da sociedade cuxo dominio ou enderezo da internet conste no Rexistro Mercantil, conforme o previsto no artigo 9 da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e do comercio electrónico.

**Artigo 5. *Constancia do rexistro dos protocolos.***

1. O órgano de administración tamén poderá solicitar do rexistrador mercantil, mediante instancia con sinatura lexitimada notarialmente, a constancia na folla aberta á sociedade da existencia do protocolo familiar con indicación identificativa deste, no cal se fará constar se o protocolo é accesible no sitio corporativo ou web da sociedade que conste na folla de rexistro.

2. Se o protocolo familiar se formalizase en documento público notarial, indicarse na inscrición o notario autorizante, o lugar, a data e o número do seu protocolo notarial. En ningún caso poderá ser exixida polo rexistrador a súa presentación nin será obxecto de cualificación o seu contido, sen prexuízo de que o rexistrador deba comprobar que é accesible no sitio a que se refire o parágrafo anterior e que non existe outro protocolo anterior, salvo que sexa modificación ou substitución deste e así o faga constar o órgano de administración.

**Artigo 6. *Protocolo familiar na presentación das contas anuais.***

O órgano de administración, con ocasión da presentación das contas anuais, poderá incluír entre a documentación correspondente unha copia ou testemuño total ou parcial do documento público en que conste o protocolo da sociedade en canto a documento que pode afectar o bo goberno da sociedade familiar, o cal será obxecto de depósito xunto coas contas anuais e de cualificación polo rexistrador.

**Artigo 7. *Inscrición no rexistro de cláusulas de escrituras públicas en execución do protocolo familiar.***

Cando os acordos sociais inscribíbles se adoptasen en execución dun protocolo familiar publicado, na inscrición deberase facer mención expresa desta circunstancia, logo da súa cualificación polo rexistrador, e así o fará constar tamén a denominación da escritura pública.

**Disposición derradeira primeira. *Título competencial.***

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.6.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación mercantil.

**Disposición derradeira segunda. *Modificación do Regulamento do Rexistro Mercantil aprobado polo Real decreto 1784/1996, do 19 de xullo.***

Un. O punto 2 do artigo 114 queda redactado do seguinte xeito:

«2. Ademais, faranse constar na inscrición os pactos e condicións inscribíbles que os socios xulguen conveniente establecer na escritura ou nos estatutos, sempre que non se opoñan ás leis nin contradigan os principios configuradores da sociedade anónima.

En particular, poderán constar nas inscricións:

a) As cláusulas penais en garantía de obrigas pactadas e inscritas, especialmente se están contidas en protocolo familiar publicado na forma establecida nos artigos 6 e 7 do Real decreto polo cal se regula a publicidade dos protocolos familiares.

b) O establecemento por pacto unánime entre os socios dos criterios e sistemas para a determinación previa do valor razoable das accións previstas para o caso de transmisións *inter vivos* ou *mortis causa*.

c) O pacto polo cal os socios se comprometen a someter á arbitrase as controversias de natureza societaria dos socios entre si e destes coa sociedade ou os seus órganos.

d) O pacto que estableza a obriga de venda conxunta polos socios das partes sociais das sociedades que se encontren vinculadas entre si por posuír unidade de decisión e estar obrigadas á consolidación contable.

e) A existencia de comités consultivos nos termos establecidos no artigo 124 deste regulamento.»

Dous. A alínea d) do artigo 124.2 queda redactada do seguinte xeito:

«d) No caso de consello de administración, o poder de representación correspóndelle ao propio consello, que actuará colexiadamente. Porén, os estatutos poderán atribuír, ademais, o poder de representación a un ou a varios membros do consello a título individual ou conxunto.

Cando o consello, mediante acordo de delegación, nomee un ou varios conselleiros delegados, indicarse o réxime de actuación.

Ademais, os estatutos poderán crear un comité consultivo.

Deberase determinar nos estatutos sociais se a competencia para o nomeamento e revogación do comité consultivo é do consello de administración ou da xunta xeral; a súa composición e os requisitos para ser titular; o seu funcionamento, a retribución e o número de membros; o xeito de adoptar acordos; as súas concretas competencias consultivas ou informativas, así como a súa específica denominación, na cal se poderá engadir, entre outros adxectivos, o termo "familiar".

Tamén se poderá facer constar nos estatutos sociais calquera outro órgano cuxa función sexa simplemente honorífica e incluír neles o correspondente sistema de retribución dos titulares do dito cargo.»

Tres. O punto 2 do artigo 175 queda redactado como segue:

«2. Ademais, faranse constar na inscrición os pactos e condicións inscribíbles que os socios xulguen conveniente establecer na escritura ou nos estatutos, sempre que non se opoñan ás leis nin contradigan os principios configuradores da sociedade de responsabilidade limitada.

En particular, poderán constar nas inscricións as seguintes cláusulas estatutarias:

a) As cláusulas penais en garantía de obrigas pactadas e inscritas, especialmente se están contidas en protocolo familiar publicado no xeito establecido nos artigos 6 e 7 do Real decreto polo cal se regula a publicidade dos protocolos familiares.

b) O establecemento por pacto unánime dos socios dos criterios e sistemas para a determinación do valor razoable das participacións sociais previstas para o caso de transmisións *inter vivos* ou *mortis causa* ou ben para a concorrencia da obriga de transmitir de conformidade co artigo 188.3 deste regulamento.

c) O pacto polo cal os socios se comprometen a someter á arbitrase as controversias de natureza societaria dos socios entre si e destes coa sociedade ou os seus órganos.

d) O pacto que estableza a obriga de venda conxunta polos socios das partes sociais das sociedades que se atopen vinculadas entre si por posuír unidade de decisión e estar obrigadas á consolidación contable.

e) A existencia de comités consultivos nos termos establecidos no artigo 185.3 deste regulamento.»

Catro. A alínea d) do artigo 185.3 queda redactada do seguinte xeito:

«No caso de consello de administración, o poder de representación corresponderalle ao propio consello, que actuará colexiadamente.

Ademais, os estatutos poderán crear un comité consultivo.

Deberase determinar nos estatutos sociais se a competencia para o nomeamento e revogación do comité consultivo é do consello de administración ou da xunta xeral; a súa composición e os requisitos para ser titular; o seu funcionamento, a retribución e o número de membros; a forma de adoptar acordos; as súas competencias concretas consultivas ou informativas, así como a súa específica denominación, na cal se poderá engadir, entre outros adxectivos, o termo "familiar".

Tamén se poderá facer constar nos estatutos sociais calquera outro órgano cuxa función sexa simplemente honorífica e incluír neles o correspondente sistema de retribución dos titulares do dito cargo.

Ademais, os estatutos sociais poderán atribuír o poder de representación a un ou a varios membros do consello a título individual ou conxunto.

Cando o consello, mediante o acordo de delegación, nomee unha comisión executiva ou un ou varios conselleiros delegados, indicarse o réxime da actuación.»

Cinco. O punto 5 do artigo 186 queda redactado como segue:

«5. A representación é sempre revogable. Salvo que outra cousa se estableza nos estatutos, de conformidade co artigo 49 da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, a asistencia persoal á xunta do representado terá valor de revogación da total representación conferida.»

Seis. O número 1 do artigo 187 queda redactado como segue:

«1. No caso de que se establezan prestacións accesorias, os estatutos detallarán o seu réxime, con expresión do seu contido concreto e determinado,

que poderá ser económico ou en xeral calquera obriga de dar, facer e non facer, así como o seu carácter gratuito ou retribuído ou, de ser o caso, as garantías previstas no seu cumprimento. No suposto de que sexan retribuídas, os estatutos deberán de determinar a compensación que recibirán os socios que as realicen, sen que poida exceder en ningún caso do valor que corresponda á prestación.»

Sete. Engádesse un novo número 5 ao artigo 188, coa seguinte redacción:

«5. Cando así se estableza nos estatutos sociais, de acordo coa lexislación civil aplicable, corresponderalle ao socio titular ou, se é o caso, aos seus habentes causa, o exercicio dos dereitos sociais.

Do mesmo xeito, os estatutos poderán establecer, de conformidade coa lexislación civil aplicable, a designación dun representante para o exercicio dos dereitos sociais constante a comunidade hereditaria se así foi establecido no título sucesorio.»

Disposición derradeira terceira. *Habilitación normativa.*

O ministro de Xustiza poderá ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de febreiro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Xustiza,  
JUAN FERNANDO LÓPEZ AGUILAR

## MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**5676** *REAL DECRETO 361/2007, do 16 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, en materia da participación no capital das sociedades que xestionan mercados secundarios de valores e sociedades que administren sistemas de rexistro, compensación e liquidación de valores. («BOE» 66, do 17-3-2007.)*

Este real decreto desenvolve regulamentariamente a recente modificación operada na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, pola Lei 12/2006, do 16 de maio, pola que se modifica o texto refundido do estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros, aprobado polo Real decreto lexislativo 7/2004, do 29 de outubro, e pola Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores. Esta lei modificou determinados artigos da Lei do mercado de valores co obxecto de dotar de maior flexibilidade e de aclarar o réxime das entidades titulares do capital das sociedades que xestionan mercados secundarios de valores e as que administren sistemas de rexistro, compensación e liquidación de valores. Este real decreto, por tanto, ten por obxecto concretar a nivel regulamentario as novidades introducidas nos artigos 31.6, 44 bis.3 e na disposición adicional décimo sétima da Lei do mercado de valores, que queda xustificada pola transcenden-